



D. Emilio Seijo Frías, Secretario do Concello de Sada (A Coruña).-

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“8º.- Contratación por procedemento aberto simplificado das obras do proxecto POS+2018: Mellora da seguridade da instalación de iluminación pública nos núcleos rurais de Taibó, Piñeiro e outros.-

Dada conta da circular da Deputación Provincial sobre a aprobación do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, plan único de concellos, POS+ 2018, de data 22-5-2018, no que se inclúe a obra “Mellora da seguridade da instalación de iluminación pública nos núcleos rurais de Taibó, Piñeiro e outros”.-

Examinado e achado conforme o expediente tramitado para a contratación por procedemento aberto simplificado da antedita obra, segundo proxecto redactado polos enxeñeiros técnicos industriais Gustavo Cartemil Fernandez e Pedro Núñez Regueiro, cun presuposto base de licitación de 112.037,16 euros, aprobado en sesión plenaria de 19-12-2017, cunha posterior corrección de erros aprobada polo decreto 474/2018, de 6 de marzo, ao que figura unido o prego de cláusulas administrativas particulares co correspondente cadro de características e demais documentación legalmente esixible.-

Considerando acreditada no proxecto técnico a necesidade de levar a cabo esta contratación e a determinación do obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir.-

Considerando tamén xustificada a elección do procedemento ordinario de adxudicación en razón das características do contrato, cun só criterio de adxudicación, así como a non división en lotes do obxecto do contrato polos motivos técnicos expresados no expediente e por tratarse dun proxecto aprobado e incluído nun plan provincial con anterioridade á vixencia da Lei 9/2017.-

Visto o Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para contratación por procedemento aberto simplificado sumario das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, así como o correspondente cadro de características do contrato; vistos os informes emitidos por Intervención e por Secretaría, e considerando que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación, adóptase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra “POS+2018: Mellora da seguridade da instalación de iluminación pública nos núcleos rurais de Taibó, Piñeiro e outros”, segundo proxecto redactado polos enxeñeiros técnicos industriais Gustavo Cartemil Fernandez e Pedro Núñez Regueiro, aprobado en sesión plenaria de 19-12-2017, cunha posterior corrección de erros aprobada polo decreto 474/2018, de 6 de marzo, cun presuposto base de licitación de 112.037,16 euros, (prezo sen IVE, 92.592,69 euros, IVE: 19.444,47 euros) e un valor estimado de 92.592,69 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público.-

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 165.61900 do Presuposto municipal.-

3º.- Facer uso para esta contratación do vixente Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para contratación por procedemento aberto simplificado con criterios obxectivos de adxudicación das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, o cal, xunto cos respectivo cadro de características e anexos, que se aproban neste acto, e coas condicións facultativas do proxecto técnico aprobada, rexerán a preparación e desenvolvemento do contrato.-

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación no Perfil de Contratante do anuncio de licitación e demais información establecida no artigo 63 da Lei de Contratos do Sector Público, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

5º.- Designar como responsable do contrato ao Enxeñeiro Técnico Municipal Valentín Medina Prieto, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares”.-

E para que así conste no expediente da súa razón, expido a presente certificación co visado do sr. Alcalde, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Sada, na data de sinatura dixital.-